

**CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O ENTIDADE LOCAL DE COTOBADA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE MEDIOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2007-2013.**

Por unha banda don Tomás Fernández-Couto Juanas, secretario xeral do Medio Rural e Montes, segundo o Decreto 30/2012, do 4 de xaneiro, DOG 5 de xaneiro de 2012 polo que se dispón o seu nomeamento, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 30 de marzo de 2012 sobre delegación de competencias (publicada no DOG do 12 de abril de 2012).

Da outra, don Jorge Cubela López alcalde da entidade local de COTOBADA, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio marco.

**EXPOÑEN:**

**PRIMEIRO.-** A Consellería do Medio Rural e do Mar, conforme o disposto no Decreto 132/2014, do 2 de outubro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.





**SEGUNDO.-** As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

**TERCEIRO.-** A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, no artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no seu artigo 59 establece que: *“Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.*

*A Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a redacción dos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais nos termos establecidos no artigo 16 e para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2, e co fin de que poidan ter recursos para exercer as competencias previstas nela consonte o artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia”.*

**CUARTO.-** As accións en materia de recuperación do potencial forestal e implantación de medidas de prevención de incendios planifícanse consonte ás disposicións do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello (artigo 36, alínea b), inciso VI e artigo 48) e o Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión (artigo 33 e anexo II) e xestiónanse de



conformidade co Regulamento (CE) 65/2011 da Comisión e o Regulamento (CE) 807/2014. Están recollidas na medida 226-Recuperación do potencial forestal e medidas preventivas do Programa de desenvolvemento rural de Galicia aprobado por Decisión da Comisión do 15 de febreiro de 2008.

As actuacións en materia de prevención de incendios forestais contempladas neste convenio inclúense no Plan marco: recuperación do potencial forestal e implantación de medidas preventivas aprobado en data do 9 de xuño de 2008 pola antiga Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais en desenvolvemento do disposto no Plan galego de controis FEADER, aprobado na súa última versión por resolución do 4 de abril de 2012, no que se establece que as actuacións directas da administración, implantadas sen mediar orde de convocatoria, precisarán da aprobación polo director xeral competente dun programa ou plan de aplicación, do que se deriven as operacións financiadas.

**QUINTO.-** Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre, pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangan todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de medio e alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais.

En todo caso, cómpre lembrar que tódalas entidades locais de Galicia, segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiación con FEADER.

**SEXTO.-** O índice de risco diario de incendio forestal, (IRDI) establece para cada unha das épocas de perigo, o risco diario de ocorrencia de incendio forestal, cuxos niveis son baixo (1), moderado (2), alto (3), moi alto (4) e extremo (5).





**SETIMO.-** Á vista do exposto débese recoñecerse que as entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais, polo que a Consellería do Medio Rural e do Mar no marco descrito nos anteriores expoñendos ofrece a tódalas entidades locais de Galicia colaboración económica para financiar algunha/s das seguintes accións:

- Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal.
- A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado.
- A contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de traballos de prevención de forma manual.

Polo exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio con arreglo ás seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO.**

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a entidade local de COTOBADE no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de tódolos recursos que se inclúen neste convenio.

### **SEGUNDA.- ACCIÓNS OBXECTO DE ACORDO.**

As accións de prevención e defensa contra os incendios forestais a executar pola entidade local, no marco deste convenio, son as que se especifican no anexo I.

Só será de aplicación o clausulado do convenio relativo ás accións de prevención e defensa contra os incendios forestais descritas no anexo I, que a entidade local e a Consellería acordan executar.





## **TERCEIRA.- DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE TRABALLOS PREVENTIVOS**

1. Os traballos a realizar, tanto tratamentos preventivos de xeito mecanizado como traballos de prevención das brigadas de forma manual, planificaranse previamente a través dun único Programa de Actuacións Preventivas a presentar pola entidade local cos contidos recollidos no anexo V.
2. O Programa de Actuacións Preventivas presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal. Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación da obra por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural e do Mar para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos e emitirase un informe. De ser favorable o informe emitido, o Programa de Actuacións Preventivas será aprobado pola Comisión de Seguimento. Unha vez aprobado por dita Comisión o Programa de Actuacións Preventivas a entidade local achegará unha comunicación de inicio dos mesmos ao Distrito Forestal.

## **CUARTA.- CONTRATACIÓN DE MEDIOS NECESARIOS POLA ENTIDADE LOCAL**

1. A entidade local colaboradora para as accións de realización de tratamentos preventivos e a actuación de brigadas poderá realizar as tarefas sinaladas no presente acordo con medios propios ou mediante a externalización dos traballos con empresas do sector ou empresas públicas.
2. A entidade local colaboradora para a acción de actuación vehículos motobomba realizará as tarefas sinaladas mediante medios propios.
3. Todo persoal de medios propios que participe ao abeiro deste convenio, desenvolvendo as accións descritas, dependerá tanto xurídica como organicamente da entidade local e en ningún caso terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia. Polo tanto, a entidade local asumirá o pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas, vacacións no seu caso, substitucións, imposición cando proceda de sancións disciplinarias e cantos efectos de seguridade social se deriven, en particular o abono de cotizacións e o pago





de prestacións e cantos outros dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

4. A entidade local deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

#### **QUINTA.- COMPROMISOS DA ENTIDADE LOCAL**

A entidade local, en calquera das accións propostas no convenio, comprométese a:

1. Colaborar no financiamento do convenio nos termos que establece a cláusula seguinte.
2. Someterse ás actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural e do Mar, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como ós controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas parcialmente con fondos comunitarios.
3. Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 75.1.c) i) do regulamento (CE) 1698/2005.
4. A sinatura do presente convenio pola entidade local conleva a declaración do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **SEXTA.- COMPROMISOS DA ENTIDADE LOCAL NA ACCIÓN DE ACTUACIÓN DE VEHÍCULOS MOTOBOMBA (VMB/S).**

A entidade local, na acción de vehículos motobomba, comprométese a:







1. Dispoñer de persoal encargado do manexo do/s VMB/s que deberá contar, como mínimo, co equipo obrigatorio de protección individual para realizar a súa función conforme ás normas do “Real Decreto 1407/92, do 20 de novembro, por el que se regulan las condiciones de comercialización y libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual”, con EPIS enmarcados na categoría II.
2. Que o/s VMB/s. con matrícula/s: , incluído/s neste convenio estará/n e permanecerá/n en perfectas condicións mecánicas e de dotación, contando co equipamento mínimo especificado no Anexo II. Así mesmo, estará/n ao corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva apareladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas dos seguros, impostos, etc. A entidade local comprométese a efectuar as reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garantir o seu continuo funcionamento.
3. Manter operativo/s o/s VMB/s durante cada un dos meses de vixencia do convenio, estando operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ao día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante toda a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa/n requirido/s para a extinción destes.
4. Garantir a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento do/s VMB/s, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza a entidade local.
5. Debido á especificidade dos traballos a realizar, procurar que o persoal encargado do manexo e actuación do/s VMB/s teña experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais, así como unha capacidade física axeitada.
6. Integrarse no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se situe a entidade local, priorizando a actuación dos VMB/s na extinción de incendios forestais respecto





de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, colaboraran na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

7. Acreditar que a entidade local cumpriu o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de acordo co indicado no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

### **SÉTIMA.- COMPROMISOS DA ENTIDADE LOCAL NA ACCIÓN DE ACTUACIÓN DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS.**

A entidade local, na acción de actuación de tratamentos preventivos, comprométese a:

1. Manter a maquinaria empregada para estas labores en perfectas condicións mecánicas e de dotación, cumprindo coas obrigas administrativas correspondentes.
2. Realizar traballos consistentes na roza mecanizada da faixa auxiliar en ambas marxes da vía, mediante pase de rozadora de brazo hidráulico axustada a tractor. Incluírse nesta actuación o desbroce de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario.
3. Realizar os traballos en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre das cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición, consonte ao disposto na táboa de tipos de combustible disposta no Anexo III ao presente convenio.

### **OITAVA.- COMPROMISOS DA ENTIDADE LOCAL NA ACCIÓN DE ACTUACIÓN DE BRIGADAS**







A entidade local, na acción de actuación de brigadas, comprométese a:

1. Dispor, en todo momento, de brigadas efectivas compostas por 4, 5 ou 6 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento das mesmas para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza a entidade local.
2. A que cada brigada que se forme estará composta por:
  - a. Un xefe de brigada en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carné de conducir B.
  - b. Un peón condutor que terá o carné de conducir B.
  - c. Dous, tres ou catro peóns de brigada.
3. Que os compoñentes da brigada realicen labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexa requiridas para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.
4. Realizar, previamente á contratación do persoal integrante da brigada un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.
5. Que os compoñentes da brigada realicen un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia do curso: enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal, contendo cando menos as materias establecidas no Anexo IV ao presente





convenio. Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

6. Dotar a cada membro que integra a brigada como mínimo co equipo obrigatorio de protección individual e ferramentas (batelumes e outras) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Lucha contra Incendios Forestales” (CLIF) ou polo Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).
7. Dotar a cada brigada dun vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e que estará ó corrente en toda a documentación e obrigas administrativas que leva aparelas segundo a lexislación vixente (ITV, pólizas de aseguramento, impostos, etc).
8. Actuar dentro do termo municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participe nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o PLADIGA.

A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPDCIF) realizarase baixo o mando único descrito no PLADIGA. A entidade local adherirase ao procedemento operativo do PLADIGA 2015 como plan director. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do SPDCIF ao responsable da brigada.

9. Garantir a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento da brigada para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza a entidade local. O responsable da brigada será o interlocutor co que se relacionará unicamente o persoal do SPDCIF e será a quen lle corresponda impartir directamente as ordes e instrucións de traballo ao resto da brigada municipal.





10. Realizar as labores de prevención, que consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos.
11. Dar prioridade aos traballos de extinción de incendios forestais respecto aos traballos de prevención.
12. Acreditar que a entidade local cumpriu o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de acordo co indicado no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

## **NOVENA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

A Consellería do Medio Rural e do Mar porá a disposición da entidade local os medios de comunicación precisos para a integración do/s VMB/s e brigadas na Rede de Radio do SPDCIF, sendo responsabilidade da entidade local calquera deterioro que sufran estes equipos polo uso non axeitado para a súa finalidade e devovelos unha vez finalizada a vixencia deste convenio en perfecto estado.

## **DÉCIMA.- PRAZO DE INICIO DA OPERATIVIDADE**

1. Os traballos obxecto do convenio deberán desenvolverse nun prazo máximo de 4 meses contados dende a data de incorporación do primeiro medio, sexa vehículo motobomba ou brigada conveniada, rematando na data do cese da última, sendo:
  - a. 0 meses o período de operatividade para cada un dos vehículos motobombas.
  - b. 3 meses o período de operatividade para cada brigada conveniada.



2. O comezo de operatividade dos medios será entre os días 1 e 31 de xullo. Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente nun máximo de 31 días naturais, o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio. Neste caso o período previsto de operatividade contarase a partir desa nova data, sen que o prazo máximo das actuacións a desenvolver e a súa xustificación superen o da vixencia do convenio.

## **UNDÉCIMA.- ORZAMENTO**

1. Os custos das accións para desenvolver o presente convenio repartiranse entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a entidade local.
2. O convenio financiarase pola Consellería do Medio Rural e do Mar cunha contía de 30.437,12 €, con cargo á aplicación orzamentaria 12.20.551-B. 760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.
3. O importe desagregado segundo natureza dos fondos e código de proxecto en dita aplicación orzamentaria será a seguinte:
  - a. Cód. proxecto 2011 00771 (Fondos propios da CA): 15.934,62 €
  - b. Cód. proxecto 2011 00770 (FEADER): 14.502,50 €
4. A parte correspondente a cada entidade local será efectuada directamente por cada entidade local, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponda.

## **DUODÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES NAS ACCIÓNS DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN (FONDOS PROPIOS)**

1. Son gastos subvencionables na acción de actuación de vehículos motobomba aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende o inicio da operatividade do/s VMB/s ata o prazo de finalización da mesma, incluíndo os gastos de persoal e equipamentos e os gastos de mantemento e funcionamento dos vehículos motobomba. Non serán subvencionables, pola contra, os gastos de reparación destes vehículos.





Pola operatividade de cada vehículo motobomba abonaranse 4.785,00 € /mes.

2. Son gastos subvencionables na acción de actuación de brigadas en labores de vixilancia e extinción aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende o inicio da operatividade das brigadas ata o prazo de finalización da mesma, incluíndo os gastos de persoal, o funcionamento e mantemento de vehículos de transporte, dos recoñecementos médicos e probas de esforzo, dos cursos de formación, así como da subministración de EPIs de extinción e ferramentas de extinción (batelumes, pulaskis, etc).

Polas labores de vixilancia e extinción da brigada de prevención e defensa, dependendo do número de integrantes da brigada, para os tres meses de campaña abonarase un máximo de:

- a. Brigadas de 4 compoñentes: Once mil catrocentos oitenta e un euros con catro céntimos (11.481,04 €).
- b. Brigadas de 5 compoñentes: Quince mil novecentos trinta e catro euros con sesenta e dous céntimos (15.934,62 €).
- c. Brigadas de 6 compoñentes: Vinte mil trescentos oitenta e oito euros con vinte céntimos (20.388,20 €).

## **DÉCIMO TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES NAS ACCIÓNS DE PREVENCIÓN (FEADER)**

1. Son gastos subvencionables na acción de tratamentos preventivos de xeito mecanizado os derivados da execución de actuacións mediante desbroce mecanizado.

A Consellería abonará 130,10 €/ha, cantidade que corresponde á porcentaxe do 26,55% sobre a tarifa aprobada pola Resolución de 30 de abril do 2013, de revisión da base de prezos de obra forestal, pola que se aproba a tarifa TS0044.



TARIFA	DESCRICIÓN	PREZO APLICABLE (€)	PORCENTAXE SUBVENCIONAR
TS0044	Ha. de roza mecanizada con rozadora de brazo ou similar	490,07	26.55%

A porcentaxe correspondente á entidade local ( $100\% - 26,55\% = 73,45\%$ ) será abonada directamente pola propia entidade, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponda.

2. Son gastos subvencionables na acción de tratamentos de prevención de xeito manual os derivados da execución de actuacións manuais de roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional.

A Consellería abonará un máximo de 11.250,00 € / brigada, para a execución das actuacións anteriores nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional, con:

- 1.121,10 €/ha no caso de terse realizado a roza no ano anterior, ou de executarse en lugares de pendente inferior ao 20 %.
- 2.250,00 €/ha se a pendente supera o 20% e a roza non foi realizada o ano anterior.

Estas cantidades corresponden á porcentaxe do 100% sobre as tarifas TS0001 e TS0047 aprobadas polas resolucións de 26 de maio do 2008 e de 30 de abril do 2013, de revisión da base de prezos de obra forestal, respectivamente.

TARIFA	DESCRICIÓN	PREZO APLICABLE (€)	PORCENTAXE SUBVENCIONAR
TS0001	Roza 1 Ha. mato con motorrozadora, diám.< 3 cm	1.121,10	100%
TS0047	Ha de xestión de biomasa en parcelas individualizadas	2.250,00	100%





3. Con carácter xeral, nas accións de prevención:

- a. Os traballos preventivos incluídos neste convenio serán cofinanciados polo FEADER nun 75%. Estas labores de prevención enmárcanse dentro da medida 226- Recuperación do potencial forestal e medidas preventivas do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR).
- b. Segundo o disposto no Decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar gastos no PDR financiados con FEADER, son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio. O IVE non será subvencionable. Os gastos non elixibles serán soportados pola entidade local.
- c. Para os efectos do disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dado que existen módulos para cada unidade de obra que supoñen que, en ningún caso, o custo de execución dos traballos subvencionados poida ser superior ao valor de mercado, considérase gasto realizado o que foi efectivamente comprobado por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- d. A medida do 226 PDR contempla a posibilidade de custos simplificados, tal como dispón o artigo 53 do Regulamento (CE) nº 1974/2006, que establece no seu apartado 1 o seguinte: “Cando proceda, os Estados membros establecerán a contía das axudas previstas nos artigos 31, 37 a 41 e 43 a 49 do Regulamento nº 1698/2005 baseándose en custos estándar e hipóteses estándar de perdas de ingresos. Entre estas axudas, atópanse as medidas destinadas á utilización sostible das terras forestais”.

Ademais, o artigo 53 esixe o cumprimento dunha serie de requisitos no seu apartado 2 para o establecemento desta posibilidade, ao dispoñer que os estados membros cercioraranse de que:

- i. Os cálculos e as axudas correspondentes conteñen tan só elementos verificables.





- ii. Baséanse en cifras determinadas polos expertos pertinentes.
  - iii. Indican claramente a fonte das cifras.
  - iv. Diferéncianse en función das condicións rexionais ou locais e a utilización real das terras, segundo proceda.
  - v. No caso das medidas contempladas nos artigos 31, 37 a 40 e 43 a 47 (entre estas, as destinadas á utilización sostible das terras forestais) do Regulamento (CE) nº 1698/2005, non conteñen elementos vinculados a custos fixos de investimento.
- e. Consonte o artigo 3.13 do Real Decreto 1852/2009, de 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos Programas de Desenvolvemento Rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no suposto de subcontratación non serán subvencionables os custes relativos aos seguintes subcontratos:
- i. Os que aumenten o custe da execución da operación sen un valor engadido.
  - ii. Os celebrados con intermediarios ou asesores nos que o pago consista nunha porcentaxe do pago total da operación a non ser que o beneficiario xustifique o dito pagamento por referencia ao valor real do traballo realizado ou os servizos prestados.

## **DECIMO CUARTA.- PAGOS ANTICIPADOS**

A consellería poderá realizar un pago anticipado de ata un 85% do importe total para accións de operatividade de motobombas e labores de vixiancia e extinción de brigadas á sinatura do convenio, de acordo ao establecido no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e previo envío, por parte do distrito forestal, do informe favorable da operatividade de:

1. O/s VMB/s no que se reflectirá, cando menos; nomes do persoal encargado do manexo do/s VMB/s, con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto, equipamento obrigatorio de protección individual, segundo estipula o Anexo II, equipamento mínimo para o/s VMB/s, segundo estipula o Anexo II, facendo constar





ademais que están ao corrente en toda a documentación deste/s e finalmente indicará a data de inicio e operatividade do/s VMB/s.

2. Operatividade das brigadas, no que se reflectirá, cando menos; nomes do persoal que a compoñen, coa desagregación entre o xefe de brigada (como responsable) e os restantes compoñentes, verificación das probas físicas, recoñecemento médico, formación, vehículo empregado, EPIs e ferramentas e finalmente indicará a data de inicio e operatividade da brigada.

A xustificación dos anticipos establecidos realizarase coa documentación xustificativa do pagamento final.

#### **DECIMO QUINTA.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

O prazo de presentación da documentación xustificativa das accións derivadas do convenio rematará o 15 de outubro de 2015, para aqueles casos nos que a operatividade finalice antes do 1 de outubro.

Por causas xustificadas, a operatividade poderá finalizar despois do 1 de outubro, suposto no que o prazo de xustificación será de 15 días dende o remate da mesma.

#### **DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS A PRESENTAR POLA ENTIDADE LOCAL EN MATERIA DE VIXILANCIA E EXTINCIÓN (FONDOS PROPIOS)**

1. Para proceder ao pagamento final dos gastos derivados das accións de defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba e de vixilancia e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas, a entidade local deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:
  - a. Certificación expedida polo funcionario competente da entidade local (secretario ou secretario-interventor), co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa - presidente/ta, relativa ao cumprimento da finalidade do convenio e aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada.





- b. Unha relación dos distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, distinguindo os gastos imputables ao primeiro pagamento, a modo de anticipo, no caso de telo percibido, do resto de gastos.
  - c. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .
  - d. Certificación indicando se o IVE ten ou non condición de deducible para a entidade local (soamente no caso de que a xustificación se realice mediante facturas), expedida polo funcionario competente da entidade local (secretario ou secretario-interventor).
2. No caso de que a entidade local externalice a acción de vixilancia e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas, estarase ao disposto no artigo 10. e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que esixe os tres orzamentos que prevé o artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local con anterioridade á finalización do período de xustificación.
  4. A entidade local deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra debida coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

## **DECIMO SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS A PRESENTAR POLA ENTIDADE LOCAL EN MATERIA DE PREVENCIÓN (FEADER)**

1. Para proceder ao pagamento final dos gastos derivados das accións de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e prevención contra incendios forestais mediante a





actuación de brigadas a entidade local deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:

- a. Solicitud de pagamento.
  - b. Declaración de outras axudas.
  - c. Certificación expedida polo funcionario competente da entidade local (secretario ou secretario-interventor), co visto e prace do/a alcalde/alcaldesa - presidente/ta, relativa ao cumprimento da finalidade do convenio en materia de prevención contra incendios forestais e a aplicación dos fondos necesarios para a execución desta parte do convenio.
2. A xustificación dos gastos derivados da actuación mediante medios propios da entidade local levarase a cabo cos documentos que especifica o artigo 54, “Xustificación a través de módulos”, do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que son:
- a. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio en materia preventiva detallando a superficie mecanizada obxecto de actuación. Ditas superficies deberán ser obrigadamente aquelas aprobadas no Programa de actuación previamente preparado e aprobado.
  - b. Memoria económica xustificativa do convenio en materia preventiva.
3. A xustificación dos gastos derivados de actuacións externalizadas con empresas do sector forestal ou empresas públicas, levarase a cabo do seguinte xeito:
- a. O artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón que para aquelas axudas e subvencións que se concedan con cargo a créditos financiados con recursos procedentes da Unión Europea, a xustificación dos gastos efectuarase con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos



acreditativos dos pagamentos realizados, de acordo coa normativa aplicable aos fondos europeos.

Todo iso sen prexuízo da admisibilidade da xustificación mediante fórmulas de custos simplificados nos supostos admitidos pola devandita normativa. O regulamento autonómico, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro desenvolve esta previsión nos artigos 52 a 55.

- b. De acordo coas Directrices sobre as Opcións de Custos Simplificados (OCS) elaboradas pola Comisión Europea, cando a entidade local actúe suxeita ao Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá presentar:
- i. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio en materia preventiva detallando a superficie mecanizada obxecto de actuación. Ditas superficies deberán ser obrigadamente aquelas aprobadas no Programa de actuación previamente preparado e aprobado.
  - ii. Memoria económica xustificativa do convenio en materia preventiva.
  - iii. Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, número de factura, e importe sen IVE, importe con IVE, data de emisión da factura e data de pagamento.
  - iv. O importe de gastos a xustificar por unidade de superficie (hectárea) ascenderá a 490,07 €/ha, sendo a contía máxima de axuda de 130,10 €/ha, para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado.
  - v. Máis aló das obrigas dispostas no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en materia de límites máximos para aplicar a obriga de solicitar, cando menos, un mínimo tres ofertas de



diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles, o feito de que o financiamento das actuacións sexan con fondos europeos FEADER, impón, consonte o artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014 no que se establecen disposicións relativas aos controis, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado de avaliación, como os custos de referencia, a comparación de ofertas diferentes ou un comité de avaliación. Por tanto a existencia de solicitude dun mínimo de tres ofertas establecido aplicarase independentemente da contía de licitación.

- vi. No suposto de custo por execución de obra ou servizo o beneficiario deberá achegar a xustificación de ter solicitado como mínimo tres ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles, con carácter previo á contratación, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades. Esta xustificación poderá realizarse mediante a acta de apertura da licitación e a resolución de adxudicación da mesma ou a remisión das ofertas solicitadas. A elección entre as ofertas presentadas deberá recaer na máis económica, xustificando debidamente unha memoria a elección noutro senso.
  - vii. Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados. A orde destes documentos deberá ser, na medida do posible, a mesma que a da relación clasificada de gastos e investimentos da actividade.
4. A entidade local deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra debeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro.





## **DÉCIMO OITAVA.- ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN POR PARTE DA CONSELLERÍA**

1. En materia de actuación de VMB/s a Consellería emitirá unha certificación expedida por dous funcionarios responsables do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co SPDCIF foi satisfactoria ou non.

No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, modificarase á baixa o pagamento da cantidade comprometida no convenio.

Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicte que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ao total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

2. En materia de actuación de brigadas para labores de vixilancia e extinción de incendios, a consellería emitirá unha certificación expedida por dous funcionarios responsables do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co SPDCIF foi satisfactoria.

No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, acordarase a modificación á baixa ou o impagamento da cantidade comprometida no convenio.

Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicta que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ó total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

3. En materia de prevención contra incendios (mecanizada e manualmente), a consellería emitirá certificación expedida por dous funcionarios, un deles diferente ao que realizou a inspección previa, en materia dos traballos de prevención de incendios na cal se indique se as obras realizadas foron executadas de conformidade, especificando os lugares e





número de hectáreas realizadas, e que deberá coincidir co Programa de Actuación aprobado pola comisión de seguimento. Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra en materia de prevención das aprobadas.

No caso de que a superficie xustificada pola entidade local coa notificación de remate dos traballos, supere en máis dun 10% a superficie da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural e do Mar, reducirase a subvención a percibir, resultante da comprobación final, coa diferenza entre ambos importes (calcularase o importe mediante a diferenza do número de hectáreas polo custe unitario). Non obstante, non se aplicará ningunha redución se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe xustificado.

4. O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme ao disposto no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014 no que se establecen disposicións relativas aos controis e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
5. O órgano xestor realizará os controis aplicables segundo os regulamentos:
  - a. Regulamento Delegado (UE) 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e as condicións sobre a denegación ou retirada dos pagos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e a condicionalidade;
  - b. Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.





## **DÉCIMO NOVENA.- REINTEGROS.**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
2. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.
3. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural e do Mar.
4. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos propios, os xuros de demora esixíranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos Feader, os xuros de demora esixíranse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en mais de 60 días e a data de reembolso ou dedución.

## **VIXÉSIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

1. Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo xefe territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar (ou representante en quen delegue), un representante da entidade local e o xefe do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (ou representante en quen delegue). Son funcións desta comisión de seguimento:





- a. Velar polo cumprimento do convenio.
  - b. Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
  - c. Aprobar o Programa de actuación de traballos preventivos.
  - d. Aprobar a ampliación da data de inicio da operatividade dos medios nun máximo de 31 días naturais cando dito comezo se demorase, por causas xustificadas, máis aló do e 31 de xullo.
2. Esta comisión reunirse inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

## **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS**

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade. Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

## **VIXÉSIMO SEGUNDA.- INTERPRETACIÓN**

A Consellería do Medio Rural e do Mar interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.

## **VIXÉSIMO TERCEIRA.- RESCISIÓN DO CONVENIO**

Será motivo de rescisión do presente convenio o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a Comisión de Seguimento, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de mora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

## **VIXÉSIMO CUARTA.- PUBLICIDADE**





A entidade local presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural e do Mar para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

## **VIXÉSIMO QUINTA.- NATUREZA DO CONVENIO E NORMATIVA APLICABLE**

O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdición contencioso administrativa.

En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.

## **VIXÉSIMO SEXTA.- DAS MODIFICACIÓNS AO PRESENTE CONVENIO**

O presente convenio poderá ser obxecto de modificacións xustificadas trala tramitación da necesaria Addenda e seguindo todos os trámites necesarios para a súa oportuna formalización.

## **VIXÉSIMO SÉTIMA.- DOS MODELOS ORIENTATIVOS A PRESENTAR**

Na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar estará dispoñibles, cando menos, todos os modelos orientativos necesarios para a xustificación, pola banda do beneficiario, dos traballos realizados segundo as condicións establecidas no presente convenio. O enlace é:

[http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/forestal/incendios\\_forestais/](http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/forestal/incendios_forestais/)





## VIXÉSIMO OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 do decembro do 2015.

En proba de conformidade, as partes asinan

A conselleira do Medio Rural e do Mar  
P.D. O secretario xeral do Medio Rural e  
Montes  
Orde do 30/03/2012

O alcalde de COTOBADE

Asdo. Tomás Fernández-Couto Juanas

Asdo. Jorge Cubela López





**ANEXO I. ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS A EXECUTAR POLA ENTIDADE LOCAL DE COTABADE, NO MARCO DESTE CONVENIO**

A entidade local comprométese ao desenvolvemento das seguintes accións:

1. Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de 0 vehículo/s motobomba/s durante 0 meses.
2. A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en 25,00 hectáreas.
3. A contratación de 1 brigadas, de 5 operarios cada unha, para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de até un máximo de 10 hectáreas/brigada de traballos de prevención mediante o control do combustible de forma manual.





**ANEXO II. EQUIPOS DE PROTECCIÓN EN ACTUACIÓN MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA**

**Equipos de protección**

Toda prenda ou accesorio deberá estar certificado conforme establece o Real decreto 1407/92 do 20 de novembro, de aplicación no noso país da Directiva Comunitaria 89/686 CEE para a realización destes traballos, e de acordo con esta normativa, os EPIs serán de CATEGORÍA 2.

**EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL**

<b>EQUIPAMENTO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL</b>		
<b>EQUIPAMENTO OBRIGATORIO</b>	Mono	Tecido ignífugo resistente ó desgarro. Pechado con cremallera metálica inoxidable oculta baixo tapeta. Cosido con fío ignífugo, de meta-aramida ou equivalente.
	Botas	Sola de goma dura, labrada e antideslizante. Cosida, vulcanizada ou pegada. Resistente ó calor por contacto (certificación HRO). Illamento térmico do piso (certificación HI). Plantilla anticalórica. De media cana de coiro negro, impermeabilizada e transpirable.
	Casco	Non metálico, ininflamable, non conductor da electricidade. Con barbuqueixo regulable
	Luvas	De pel natural transpirable, suave, flexible. Axustados ao pulso. Con mosquetón: enganche e beira de suxeición inoxidables.
	Mascarilla e	Antialérxica, suave, flexible, con bordes







	filtros	redondeados. Cubrirá só a zona buco-nasal. Amplo campo de visión. Con filtros duros para fumes, pos e neblinas.
	Gafas	Visor incoloro, transparente e flexible e tratado contra o empañamento. Un só plano frontal, ópticamente neutro e resistente ó impacto.
	Protector do pescozo	Prenda de tecido ignífugo acoplado no casco que cubre alomenos a parte posterior do colo.
<b>EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO RECOMENDABLE</b>	Cinto	Tecido forte provisto de peches, ollais e presillas metálicas e inoxidables. Bordos rematados e reforzados
	Lanterna	
	Camiseta	

### **EQUIPAMENTO MINIMO PARA OS VEHICULOS MOTOBOMBA**

1. Mangotes (6 metros en 4 tramos) coas súas chaves correspondentes.
2. Mangueras (25 mm diámetro; 15 tramos de 20 m; 45 mm de diámetro; 4 tramos de 15 m)
3. Lanzas (3 de 25 TB e 2 de 45 TB)
4. 2 Bifurcacións 45TB/25TB con válvulas de paso.  
2 Reduccións de 45 TB/25TB  
1 válvula de corte con racor TB 25
5. Xuntas de racores (mínimo 5 de 25 TB e 5 de 45 TN)

**BOTIQUÍN:** un por vehículo motobomba

**EXTINTOR:** un por vehículo motobomba

Comprobación de certificación:





- Etiquetado da prenda ou accesorios con marcado CE e simboloxía que indique "para que" está certificado, talla, nome do fabricante, ano de fabricación e composición do tecido.
- Toda prenda ou accesorio levará un folleto informativo adxunto para o usuario onde se indique o uso para o que foi confeccionado e certificado, e a súa vida útil.





**ANEXO III. PARÁMETROS DE XESTIÓN DE BIOMASA PARA A REALIZACIÓN DE TRATAMENTOS SILVÍCOLAS PREVENTIVOS DE XEITO MECANIZADO**

A entidade local comprométese a realizar tratamentos silvícolas de xeito mecanizado en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre das cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición, consonte ao disposto na táboa seguinte.

ESTRATO	ESPECIE VEXETAL	PARÁMETROS DE XESTIÓN DE BIOMASA
Estrato arbustivo	Queiruga: <i>Calluna vulgaris</i>	Eliminación e retirada total das especies sinaladas
	Carqueixa: <i>Chamaespartium tridentatum</i>	
	Xesta: <i>Cytisus spp</i>	
	Uz, carpaza: <i>Erica spp</i>	
	Xesta, piorno: <i>Genista spp</i>	
	Fento: <i>Pteridium aquilinum</i>	
	Silva: <i>Rubus spp</i>	
	Toxo: <i>Ulex europaeus</i>	
Estrato herbáceo	Todo tipo de herbáceas	Permítese un estrato herbáceo verde cun volume inferior a 2.000 m <sup>3</sup> /ha (valor medio de 20 cm de altura)
Estrato arbóreo		A distancia mínima entre plantas será de 7 m mantendo as copas tanxentes. A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do solo. Retiraranse os restos.
Todo tipo de vexetación seca (arbórea, arbustiva e herbácea)		Eliminación e retirada total





## **ANEXO IV. O PROGRAMA DE FORMACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS.**

O programa de formación a impartir pola entidade local incluíra alomenos os seguintes contidos:

- A defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 h.
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 h.
- Ferramentas, 1 h.
- Extinción e liquidación, 1,5 h.
- Condución de vehículos todoterreo, 0,5 h.
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 h.
- Primeiros auxilios, 2 h.
- Traballo co vehículo motobomba 2,5 h.
- Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 h.
- EPI e comunicacións, 1 h.
- Seguridade e saúde e Partes, 1 h.
- Medios aéreos Embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 h.





## ANEXO V. CONTIDOS MÍNIMOS DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN PREVENTIVAS

Os contidos mínimos do Programa de Actuacións Preventivas serán os seguintes:

### A) **Ámbito de actuación** das actuacións preventivas:

Realizaranse os traballos de prevención de incendios, dentro do ámbito municipal da entidade local, en

- Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.

### B) **Tipos de traballo** obxecto de axuda:

Brigadas: Consistirán en actuacións manuais, en zonas non mecanizables, mediante tratamentos silvícolas, como rozas, rareos e posterior eliminación de restos.

Tratamentos preventivos: Consistirán en actuacións mecanizadas mediante desbroces ao obxecto de diminuír a carga de combustible.

### C) **Xustificación** das superficies obxecto de actuación:

As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do Distrito Forestal en materia preventiva. e deberán estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal e Municipal, de existir estes (e tamén co PLADIGA).

Debe existir unha xustificación, que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.

### D) **Táboa resumo de superficies obxecto de actuación**

Deberá incluírse unha táboa resumo coas superficies de actuación proposta en hectáreas desagregando segundo:





- Traballos manuais e mecanizados.
- Parcelas ou vías de actuación coa descrición, cando menos, da parroquia e lugar (potestativamente ref. catastrais ou parcelas SIXPAC)
- No caso de actuacións manuais, a superficie proposta deberase desagregar:
  - Superficie de actuación con pendente inferior ao 20% ou no caso de terse realizado a roza o ano anterior (1121,10€/ha).
  - Superficie de actuación no que a pendente supere o 20% e o desbroce non fose realizado o ano anterior (2250,00€/ha).

### **E) Cartografía**

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:25:000, ou no seu defecto 1:50:000 no que se reflectan as actuacións propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.

